

COMPOSICIÓN DE TEXTO (*sobre tema de tipo Filosófico*)

OPCIÓN 1

A partir do seguinte fragmento de PLATÓN compón un texto sobre o tema A Teoría platónica das ideas.

SÓCRATES. — (...) Así, pois, a alma, sendo inmortal e tendo renacido moitas veces e ao ter contemplado todas as cousas, as de aquí e as do Hades, non hai nada que non teña aprendido. De xeito que non hai que sorprenderse que ela sexa quen de ter recordos acerca da virtude e das demais cousas que, por certo, coñecera anteriormente. Pois ao estar emparentada toda a natureza e tendo aprendido todo a alma, nada empece para que un, recordando unha soa cousa —iso que os homes chaman aprender— encontre todas as demais, se é valente e teimudo na busca. Porque o buscar e o aprender non son máis que reminiscencias. Por conseguinte, non hai que dar creto a ese argumento sofístico. Faríanos preguiceiros e é de débiles escoitar o agradable, en cambio este échenos de enerxía e fainos inquisitivos. E porque confío en que é verdadeiro, quero pescudar contigo en qué consiste a virtude.

MENÓN. — Si, Sócrates. Pero ¿como dis iso de que non aprendemos, senón que o que chamamos aprender non é máis que reminiscencia? ¿Poderasme ensinar que isto é así?

SÓCRATES. — Xa che dixen hai pouco, Menón, que ti es malicioso, pois agora preguntas se che poden ensinar, a min, que estou dicindo que non hai ensinanza, senón reminiscencia, sen dúbida, para facerme caer inmediatamente en contradición comigo mesmo.

MENÓN. — ¡Non, por Zeus, Sócrates! Non o dixen con esa intención, senón por costume; pero se tes algún modo de probar que é como dis, amósamo.

PLATÓN, *Menón*, 81c—82a

OPCIÓN 2

Elixe UN SÓ dos seguintes fragmentos e a cuestión temática a el asociada:

A partir do seguinte fragmento de STUART MILL compón un texto sobre o tema O utilitarismo moral.

O credo que acepta como fundamento da moral a Utilidade ou Principio da Maior Felicidade sostén que as accións son correctas na proporción en que tenden a promover a felicidade e incorrectas en canto tenden a producir o contrario da felicidade. Por felicidade referímonos ó pracer e á ausencia de dor; por infelicidade á dor e á privación de pracer. Moito máis habería que dicir para dar unha clara visión da norma moral que a teoría establece; en particular qué cousas inclúe nas ideas de dor e pracer e ata qué punto a cuestión fica aberta...

De acordo co Principio da Maior Felicidade, tal como arriba explicamos, o fin último por referencia ó cal e polo que todas as outras cousas son desexables (xa consideremos o noso propio ben ou doutra xente) é unha existencia que sexa tan exenta de dor e tan rica en goces como sexa posible, tanto en cantidade como en calidade. O método comparativo é o que mellor proporciona a comprobación da superioridade cualitativa; e a regra para medila fronte á cantidade é a preferencia que senten os que teñen mellores oportunidades de experiencia, xunto cos hábitos da reflexión e a propia observación. Sendo este consonte a opinión utilitarista, o fin dos actos humanos é tamén a súa norma de moralidade, o cal pode, en consecuencia, ser definido como as regras e preceptos para a conduta humana, pola observancia das cales pode ser asegurada a toda a humanidade unha existencia tal como foi descrita e coa maior amplitude posible; e non só á humanidade, senón, ata onde a natureza das cousas o consinta, á totalidade da creación sentinte.

JOHN STUART MILL; *Utilitarismo*, Cap 2: ¿Que é o utilitarismo?

COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo *Filosófico*)

A partir do seguinte fragmento de MARX compón un texto sobre o tema **O significado da alienación en Marx e as súas formas.**

¿En que consiste a alienación do traballo? Primeiro en que o traballo é externo ó traballador, é dicir, que non pertence á súa esencia, que o traballador, daquela, non se afirma no seu traballo, senón que se nega, non se sente ben, senón infortunado, non desenvolve unha enerxía física e espiritual, senón que mortifica a súa *physis* e arruína o seu espírito. É por iso que o traballador só se sente consigo mesmo fóra do traballo e no traballo fóra de si. ‘No seu’ está cando non traballa e cando traballa non está no seu. O seu traballo non é, pois, voluntario, senón imposto, *forzado*. De aí que no sexa a satisfacción dunhas necesidades, senón só o *medio* de satisfacer necesidades externas a el. O seu carácter alleo revélase en que en canto no haxa unha forza, física ou doutra caste, o traballador foxe do traballo como da peste. O traballo externo, o traballo polo que o home se aliena, é un traballo de auto-inmolación, de mortificación. Finalmente, o carácter externo do traballo para o traballador maniféstase en que non é de seu, senón doutro, en que no traballo non se pertence a si mesmo, senón a outro. Tal como na relixión a actividade espontánea da fantasía humana, do cerebro humano e do corazón humano, é independente do individuo, é dicir, é como unha actividade allea, divina ou demoníaca, así opera, así é a actividade do traballador: non é a súa actividade espontánea, pertence a outro e é a perda de si mesmo.

K.MARX; *Manuscritos filosófico-económicos*, O traballo alienado.

A partir do seguinte fragmento de NIETZSCHE compón un texto sobre o tema **Crítica da cultura occidental (metafísica, moral e relixión).**

Como o “mundo verdadeiro” terminou converténdose nunha fábula. Historia dun erro.

1. O mundo verdadeiro, acadable para o sabio, o piadoso, o virtuoso, –vive nel, *é ese mundo*. (A máis antiga forma da idea, relativamente intelixente, simple, convincente. Transcrición da proposición “eu Platón, *son a verdade*”)
2. O mundo verdadeiro, inacadable polo de agora, mais prometido para o sabio, o piadoso, o virtuoso (“para o pecador que fai penitencia”) (Progreso da idea: tórnase máis sutil, máis capciosa, inaprensible, –tórnase muller, tórnase cristiá...)
3. O mundo verdadeiro, inacadable, indemostrable, imprometible, mais xa en canto pensado un consolo, unha obriga, un imperativo. (No fondo o vello sol, mais entrevisto a través da néboa e o escepticismo; a idea tórnase sublime, pálida, nórdica, *königsberguiana*)
4. O mundo verdadeiro – ¿inacadable? En todo caso inacadado. E en canto inacadado, tamén descoñecido. En consecuencia, tampouco consolador, redentor, obrigante: ¿a que podería obrigarnos algo descoñecido?... (Mañá gris. Primeiro bocexo da razón. Canto de gallo do positivismo)
5. O “mundo verdadeiro” –unha idea, que xa non serve para nada, que xa nin tan sequera obriga, –unha idea que se tornou inútil, superflua, xa que logo unha idea refutada: ¡eliminémola! (Día claro; almorzo; retorno do *bon sens* e da alegría; rubor de Platón; endemoniado barullo de todos os espíritos libres)
6. Eliminamos o mundo verdadeiro: ¿Qué mundo ficou? ¿o aparente quizais?... ¡Pois non! ¡¡¡co mundo verdadeiro eliminamos tamén o aparente!!! (Mediodía; instante da sombra máis curta; final do longo erro; apoxeo da humanidade: INCIPIT ZARATHUSTRA).

F. NIETZSCHE; *Crepúsculo dos deuses*.

COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo *Filosófico*)

A partir do seguinte fragmento de WITTGENSTEIN compón un texto sobre o tema **A concepción da linguaxe no “Tractatus logico-philosophicus”**.

2.1.- Nós facémonos figuras dos feitos.

2.11.- A figura representa o estado de cousas no espazo lóxico, o darse ou non darse dos feitos concretos.

2.12.- A figura é un modelo da realidade.

2.13.- Ós obxectos corresponden na figura os elementos da figura.

2.131.- Os elementos da figura representan na figura ós obxectos.

2.14.- A figura consiste en que os seus elementos se comporten entre eles dunha determinada maneira.

2.141.- A figura é un feito.

2.15.- Que os elementos da figura se comporten entre eles dunha determinada maneira representa que as cousas se comportan así entre elas.

Esta conexión dos elementos da figura chámase a súa estrutura, e a posibilidade desta estrutura, a forma de figuración da figura.

2.151.- A forma da figuración é a posibilidade de que as cousas se comporten entre si como os elementos da figura.

2.1511.- A figura está *así* ligada á realidade; esténdese ata ela.

L.WITTGENSTEIN; *Tractatus Logico-Philosophicus*.

A partir do seguinte fragmento de HEIDEGGER compón un texto sobre o tema **O sentido do ser e a Analítica existencial do Dasein**.

O ‘ser-aí’ é un ente que non se limita a poñerse diante entre outros entes. É máis ben un ente que ten o seu sinal óntico en que a este ente *vaille* o seu ser no seu propio ser. A esta constitución do ser do ‘ser-aí’ pertécelle, pois, que o ‘ser-aí’ ten no seu ser unha ‘relación de ser’ a este seu ser. E isto, á súa vez, quere dicir: o ‘ser-aí’ compréndese no seu ser, dalgún xeito e de maneira máis ou menos expresa. A este ente é peculiar que, con e polo seu ser, este seu ser está aberto a el mesmo. *A comprensión do ser é ela mesma unha ‘determinación de ser’ do ‘ser-aí’*. O trazo onticamente significativo do ‘ser-aí’ estriba en que é ontolóxico.

(...) As ciencias son modos de ser do ‘ser-aí’ nos cales este se conduce relativamente a entes que non teñen por que ser el mesmo. Ao ‘ser-aí’ pertence esencialmente isto: ser nun mundo. É por iso que a comprensión de ser inherente ó ‘ser-aí’ atinxe coa mesma orixinariedade á comprensión de algo como ‘mundo’ e á comprensión do ser dos entes accesibles dentro do mundo. As ontoloxías que teñen por tema os entes que teñen unha forma de ser distinta da do ‘ser-aí’ están fundadas e motivadas na estrutura óntica do ‘ser-aí’, a cal comporta a determinación dunha pre-ontolóxica comprensión do ser.

De aí que a *ontoloxía fundamental*, da cal unicamente poden xurdir todas as demais, teña que ser buscada na *analítica existencial do ‘ser-aí’*.

M.HEIDEGGER; *Ser e tempo*; § 4.

COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo *Filosófico*)

A partir do seguinte fragmento de **HABERMAS** compón un texto sobre o tema **Teoría da acción comunicativa e “actos de fala”**.

[2] *Orientación ó éxito vs. orientación ó entendemento.* (...) Os procesos de entendemento teñen como meta un acordo que satisfaga as condicións dun asentimento, racionalmente motivado, ó contido dunha emisión. Un acordo acadado comunicativamente ten que ter unha base racional; é dicir, non pode vir imposto por ningunha das partes, xa sexa instrumentalmente, grazas a unha interpretación directa na situación de acción, xa sexa estratexicamente, por medio do influxo calculado sobre as decisións dun opoñente. Certamente pode haber acordos que *obxectivamente* sexan acordos forzados, pero, o que á vista dos ollos foi producido por un influxo externo ou mediante o uso da violencia, non pode *constar* subxectivamente como acordo. O acordo repousa en *conviccións* comúns. O acto de fala dun actor só pode ter éxito se o outro acepta a oferta que ese acto de fala entraña, tomando postura (sequera sexa implicitamente) cun si ou un non fronte a unha pretensión de validez que en principio é susceptible de crítica. Tanto *ego*, que vincula á súa manifestación una pretensión de validez, como *alter*, que a reconece ou rexeita, fundamentan as súas decisións en razóns potenciais.

J. HABERMAS; *Teoría da acción comunicativa*, T. I.

A partir do seguinte fragmento de **ORTEGA Y GASSET** compón un texto sobre o tema **O perspectivismo: Crítica do dogmatismo e do relativismo**.

A verdade, o real, a vida -como queirades chamalo-, quebra en facetas innumerables, en vertentes sen conto, cada unha das cales dá cara a un individuo. Se este soubo ser fiel ao seu punto de vista, se resistiu á eterna sedución de cambiar a súa retina por outra imaxinaria, o que ve será un aspecto real do mundo.

E viceversa: cada home ten unha misión de verdade. Onde está a miña pupila non está outra: o que de realidade ve a miña pupila non o ve outra. Somos insubstituíbles, somos necesarios. “Só entre todos os homes chega a ser vivido o Humano” – di Goethe. Dentro da humanidade cada raza, dentro de cada raza cada individuo, é un órgano de percepción distinto de todos os demais e como un tentáculo que chega a anacos de universo para os outros inaccesibles.

A realidade, pois, ofrécese en perspectivas individuais. O que para un está en último plano, atópase para outro en primeiro termo. A paisaxe ordena os seus tamaños e as súas distancias de acordo coa nosa retina, e o noso corazón reparte os acentos. A perspectiva visual e a intelectual complícanse coa perspectiva da valoración. Por vez de disputar, integremos as nosas visións en xenerosa colaboración espiritual, e como as ribeiras independentes se xuntan na grosa vea do río, compoñamos o torrente do real.

J. ORTEGA Y GASSET; *O espectador*. I: Confesións de «O Espectador»

COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo *Filosófico*)

OPCIÓN 1

Elixe UN SÓ dos seguintes fragmentos e a cuestión temática a el asociada:

*A partir do seguinte fragmento de AGOSTIÑO DE HIPONA compón un texto sobre o tema **A orde sociopolítica: a Cidade terrena e a Cidade de Deus:***

Qué dúas cidades hai.— Dous amores fundaron pois dúas cidades, a saber: a terreal, o amor propio ata o desprezo de Deus, e a celeste, o amor de Deus ata o desprezo de si mesmo. Aquela, nunha palabra, glóriase de si mesma, esta no Señor. Pois aquela busca a gloria dos homes, pero para esta a máxima gloria é Deus, testemuña da súa consciencia. Aquela na súa gloria levanta a cabeza con altiveza; esta dille ao seu Deus: *Gloria miña, que me fas levar a cabeza alta* (Ps. 3, 4). Naquela, a ansia de poder domina aos seus príncipes e ás nacións que someten; nesta serven en mutua caridade, os gobernantes tomando decisións e os súbditos obedecendo. Aquela considera que a súa fortaleza radica nos seus poderosos; esta dille ao seu Deus: *amareite, Señor, fortaleza miña* (Ps 17, 2.). E por iso, naquela, os seus sabios, que viven segundo o home, buscaron os bens do corpo, os da alma ou ambos os dous, ou ben, os que puideron coñecer a Deus, non o honraron como a Deus ou lle deron grazas, senón que se esvaeron nos seus pensamentos e o seu necio corazón escureceuse; dicindo que son sabios, isto é, loándose a si mesmos na súa sabedoría por mor da soberbia que os domina, convertéronse en necios e mudaron a gloria do incorruptible Deus en semellanza da imaxe do home corruptible, das aves, dos cuadrúpedes e das serpes: pois, para adorar tales simulacros, ou ben foron guías dos seus pobos, ou ben seguidores: e renderon culto e serviron á criatura antes que ao Creador, que é bendito por sempre (Rom. 1, 21-23.25.). Nesta, en cambio, non hai sabedoría humana, senón piedade, coa que se venera convenientemente ao Deus verdadeiro, esperando esta recompensa na sociedade dos santos, non só dos homes, senón tamén dos anxos, *para que Deus sexa todo en todas as cousas* (1 Cor 15, 28).

AGOSTIÑO DE HIPONA; *A cidade de Deus;* XIV, 28.

*A partir do seguinte fragmento de TOMÉ DE AQUINO compón un texto sobre o tema **Teoría do coñecemento: abstracción e realismo moderado.***

Pero en sentido contrario está o que di o filósofo, no seu primeiro libro da *Física*: que o universal é coñecido pola razón, mentres que o singular o é polos sentidos. Debe dicirse, respondo, que o noso intelecto non pode coñecer directamente e nun primeiro momento o singular nas cousas materiais. A razón disto está en que o principio de singularidade nas cousas materiais é a materia individual, mentres que o noso intelecto, como xa se dixo anteriormente (q.85 a.1), comprende abstraendo a especie intelixible a partir deste tipo de materia. E o abstraído da materia individual é universal. De aí que o noso intelecto non coñece directamente máis que o universal.

Pero indirectamente, e case que por unha certa reflexión, pode coñecer o singular, pois, como se dixo anteriormente, mesmo despois de que abstraeu as especies intelixibles, non pode entender en acto grazas a elas a non ser volvéndose cara ás representacións imaxinarias nas que entende as especies intelixibles, como se di no libro III de *De Anima*. Así pois, o universal enténdeo directamente por medio das especies intelixibles; e indirectamente entende o singular, representado nas imaxes. E deste modo forma esta proposición: Sócrates é un home.

TOMÉ DE AQUINO; *Suma teolóxica;* Iª q. 86 a.

*A partir do seguinte fragmento de OCHKAM compón un texto sobre o tema **A teoría do coñecemento: o problema dos universais e o nominalismo:***

Debe saberse que o universal é dobre: Algo é universal por natureza, porque é signo predicable de moitos dun modo natural, dun xeito proporcional a como o fume significa dun modo natural o lume, o xemido do enfermo significa a dor, e o riso a ledicia interior. E tal universal non é outra cousa máis que unha intención da alma, de tal maneira que tal universal non é ningunha substancia exterior á alma nin ningún accidente exterior á alma. Deste universal falarei nos capítulos seguintes. Hai outro universal que é por institución

COMPOSICIÓN DE TEXTO *(sobre tema de tipo Filosófico)*

voluntaria. E así, unha voz proferida, que é verdadeiramente unha soa calidade en canto ó número, é un universal en canto que é un signo voluntarial, ente instituído para significar moitas cousas. E por iso, así como unha voz se chama común, así tamén se pode chamar universal; pero isto non o ten por natureza, senón só polo acordo dos que o estableceron.

G. de OCKHAM, *Suma lóxica*, Cap.14°.

*A partir do seguinte fragmento de MAQUIAVELO compón un texto sobre o tema **O poder e o realismo político***

Nace disto unha discusión: se é mellor ser amado que temido ou viceversa. A resposta é que conviría ser o un e o outro, pero, como é difícil combinar ambas as cousas, é máis seguro ser temido que amado, en caso de que falte unha das dúas. Porque dos homes, en xeral, pódese dicir o seguinte: son ingratos, volubles, hipócritas, falsos, temerosos do perigo e ávidos de ganancias. E mentres son favorecidos, dano todo, ofrecen o seu sangue, os seus bens, a súa vida e os seus fillos, como dixen anteriormente. Isto mentres non haxa mester deles, pero, cando a necesidade se achega, viran as costas. E o príncipe que o baseou todo en promesas, encontrándose desprovisto doutro apoio, fracasa; porque as amizades gañadas con diñeiro e non con grandeza e nobreza de ánimo, cómpranse pero non se posúen, e nos momentos de necesidade non se pode contar con elas. Ademais os homes teñen menos medo de prexudicar a quen se fai amar que a quen se fai temer; porque o amor nace dun vínculo de obriga que, dada a maldade humana, se rompe por calquera motivo de interese persoal, mentres que o temor mantense mediante o medo ó castigo, que non desaparece endexamais. Non obstante, o príncipe debe facerse temer de xeito que, se non chega a ser amado, polo menos evite o odio, porque é perfectamente compatible ser temido e non ser odiado. Isto conseguira sempre que se absteña de pousar a man sobre os bens e as mulleres dos seus cidadáns e súbditos. E, se algunha vez tivese que proceder contra a familia dalgún deles, que o faga cando haxa unha xustificación axeitada e unha causa manifesta. Pero o principal é que se absteña do alleo, porque os homes esquecen máis axiña a morte do seu pai que a perda do patrimonio. Por outra parte, os pretextos para apoderarse do alleo non faltan nunca e o que empeza a vivir da rapina sempre atopa razóns para apropiarse do dos demais, mentres que os motivos para executar a alguén son máis raros e duran menos.

N. MAQUIAVELO; *O Príncipe*, Cap. XVII; Da crueldade e da compaixón e se é mellor ser amado que temido ou viceversa.

*A partir do seguinte fragmento de BACON compón un texto sobre o tema: **O novum Organum**”: a teoría dos ídolos e o novo método indutivo.*

XI. Do mesmo xeito que as ciencias das que dispoñemos non nos serven para atopar novas industrias, tampouco a lóxica actual nos vale para atopar novas ciencias.

XII. A lóxica actual serve máis para perpetuar e estabilizar os erros orixinados polos prexuízos herdados que para axudar na procura da verdade. Por iso fai máis mal ca ben. (...)

XIX. Só hai e só pode haber dúas vías para buscar e atopar a verdade. Unha primeira que, remontándose dende a experiencia e os feitos, formula directamente os principios máis xerais e que, considerándoos firmemente establecidos e incuestionables, procede a vulgar e a tratar de descubrir as leis intermedias. Esta é a vía actualmente de moda. A outra vía deduce principios a partir dos feitos da experiencia e ascende gradualmente e sen discontinuidades ata alcanzar ó cabo os axiomas máis xerais. Este é o camiño correcto, pero nunca se percorreu. (...)

XXII. As dúas vías anteriores comezan nos sentidos e terminan nas abstraccións máis elevadas, pero a diferenza entre elas é infinita. Unha unicamente bota de pasada unha rápida ollada ós feitos empíricos, a outra afonda neles debidamente e de xeito sistemático. A primeira comeza establecendo algunhas xeneralidades abstractas e inútiles, a segunda ascende gradualmente cara á formulación de leis intermedias e máis propias da natureza.

F.BACON; *Novum Organum* ou *Indicacións relativas á interpretación da natureza* (1620)

COMPOSICIÓN DE TEXTO (*sobre tema de tipo Filosófico*)

OPCIÓN 2

Elixe UN SÓ dos seguintes fragmentos e a cuestión temática a el asociada:

*A partir do seguinte fragmento de DESCARTES compón un texto sobre o tema **O problema do método e o proxecto cartesiano.***

1. Emporiso é ben mellor nin pensar en investigar a verdade sobre cousa ningunha que facelo sen método: pois é moi certo que os estudos desordenados e as meditacións escuras desta caste confunden a luz natural e cegan os enxeños; e aqueles que así se afagan a camiñar nas tebras a tal punto enfeeblece a agudeza dos seus ollos que, ao pouco, non poden aturar a luz do día; o cal ademais é confirmado pola experiencia, pois moi frecuentemente vemos que aqueles que nunca se dedicaron ás letras pronuncian xuízos sobre as cousas comúns e correntes con moita máis solidez e claridade que aqueles que botan a vida nas escolas. Por método entendo as regras certas e fáciles tales que, se alguén as observa rigorosamente, nunca tomará nada falso por verdadeiro e, sen gastar as forzas do seu espírito inutilmente, senón sempre aumentando o seu saber progresivamente, chegará ao verdadeiro coñecemento de todo aquilo do que sexa capaz.

RENÉ DESCARTES; *Regras para a dirección do espírito*, Regra IV: É necesario un método para ir en busca da verdade.

*A partir do seguinte fragmento de SPINOZA compón un texto sobre o tema: **A teoría ética: a liberdade e as paixóns***

Prop.8: O coñecemento do ben e do mal non é outra cousa que o afecto de ledicia ou tristeza en canto somos conscientes del.

Prop.18: O desexo que nace da ledicia, en parellas condicións, é máis forte có desexo que nace da tristeza.

Prop.19: Cadaquén, consonte as leis da súa natureza, necesariamente apetece ou aborrece aquilo que xulga bo ou malo.

SPINOZA; *Ética demostrada segundo a orde xeométrica*; IV: Da servidume humana ou da forza dos afectos

*A partir do seguinte fragmento de LOCKE compón un texto sobre o tema **O liberalismo político.***

§ 89. Polo tanto, onde queira que calquera número de persoas se xunten nunha sociedade dispostas a abandonar cada un o seu poder executivo da lei da natureza, e a renunciar a el a favor do poder público, alí e só alí haberá unha sociedade política ou civil. E isto dáse onde queira que un número calquera de homes, en estado de natureza, pase a formar unha sociedade co fin de construír unha persoa ou corpo político baixo a soberanía dun goberno supremo, ou tamén cando calquera particular se une e incorpora a un goberno xa feito. Xa que neste caso autoriza á sociedade ou, o que é o mesmo, ó poder lexislativo dela a facer leis para el, tal e como o ben público de dita sociedade requira, para a execución das cales é preciso (como para os seus propios decretos) a súa colaboración. E isto pon os homes fóra do estado de natureza e dentro daquela república [commonwealth], establecendo un xuíz na terra con autoridade para a determinación de todas as controversias de dereito que xurdan entre eles, e para reparar as inxurias que puideran ocorrer contra calquera membro da república [commonwealth], o cal será xulgado polo poder lexislativo ou polos maxistrados sinalados para tal fin. E onde queira que houbese un número de homes dalgún xeito asociados, que non tivesen tal poder decisivo ó que apelar, entón alí estarán aínda no estado de Natureza.

J. LOCKE; *Dous Tratados sobre o Goberno* (1.680-1.690). LII, Cap.VII.

COMPOSICIÓN DE TEXTO *(sobre tema de tipo Filosófico)*

*A partir do seguinte fragmento de HUME compón un texto sobre o tema **O emotivismo moral**.*

Nada é máis corrente na filosofía e na vida cotiá que falar da loita entre a paixón e a razón, para dar preferencia á razón e afirmar que os homes só son virtuosos en tanto se conformen ós seus ditados. Dise que cada criatura racional está obrigada a regular os seus actos pola razón; e se calquera outro motivo ou principio desafia a dirección desa conduta, debe opoñerse a el ata que sexa enteiramente dominado ou polo menos ata conformalo con aquel principio superior. A meirande parte da filosofía moral, tanto antiga como moderna, parece estar fundada sobre este modo de pensar; nin existe un campo máis amplo tanto para as discusións metafísicas como para os discursos populares que esta suposta preeminencia da razón sobre a paixón. A eternidade, a invariabilidade e a orixe divina da primeira teñen sido postas de manifesto de xeito óptimo. A cegueira, inconstancia e falsidade da última teñen sido destacados coa mesma forza. Para demostrar a falacia de toda esta filosofía, intentarei probar en primeiro lugar que a razón soa non pode ser nunca a causa dunha actuación da vontade; e en segundo lugar, que nunca se pode opoñer á paixón na dirección da vontade.

D. HUME; *Tratado da Natureza Humana*, L.I, Das paixóns; Parte III, Sec. VI.

*A partir do seguinte fragmento de ROUSSEAU compón un texto sobre o tema **A soberanía popular e as formas de goberno**.*

Se eu puidese ter escollido o lugar do meu nacemento... Eu queredría nacer nun país onde o soberano e o pobo non puidesen ter máis que un só e mesmo interese, co fin de que todos os movementos da máquina non tendesen xamais máis que á felicidade común. Non podendo facerse isto agás que o pobo e o soberano non sexan unha mesma persoa, dedúcese que eu queredría nacer baixo un goberno democrático, sabiamente temperado.

Eu queredría vivir e morrer libre, isto é, sometido ás leis de tal xeito que nin eu nin ninguén puidese sacudir o honorable xugo, ese xugo saudable e doce que as cabezas máis orgullosas levan tanto máis docilmente canto están feitas para non levaren ningún outro.

Daquela queredría que ninguén no Estado puidese dicir de si mesmo que estaba por riba da lei e que ninguén de fóra puidese impor que o Estado fose obrigado a recoñecelo. Posto que, calquera que poida ser a constitución dun goberno, de se atopar un só home que non estea sometido á lei, todos os outros estarán necesariamente á discreción ...

J.-J.ROUSSEAU; *Discurso sobre a orixe e os fundamentos da desigualdade entre os homes*.

*A partir do seguinte fragmento de KANT compón un texto sobre o tema **A ética formal kantiana e os postulados da razón práctica: liberdade, inmortalidade da alma, existencia de Deus**.*

Pois ben, todos os imperativos ordenan ou hipotética ou categoricamente. Aqueles [os hipotéticos] representan a necesidade práctica dunha posible acción como medio para acadar outra cousa que se queira (ou que posiblemente se queira). O imperativo categórico sería aquel que representa unha acción como obxectivamente necesaria por si mesma, sen relación con ningún outro fin (...) un imperativo que, sen poñer como condición ningún outro propósito acadable por medio dun determinado comportamento, ordena ese comportamento de inmediato... Non concirne á materia da acción e ó que dela poida resultar, senón á forma e ó principio do que ela mesma se deriva, e o esencialmente-bo de tal acción reside na disposición de ánimo, calquera que sexa o resultado da acción. Este imperativo pode chamarse o imperativo da moralidade.

I.KANT; *Fundamentación da metafísica dos costumes*, 2ª Sec.
